

lei 2/2002, que afecta a unha parte moi importante das infraestructuras danadas, como é a local, e que permitirá completa-lo marco de axudas que o Goberno da Nación, en exercicio efectivo do principio constitucional de solidariedade, pon en marcha para contribuír ó restablecemento da normalidade na zona sinistrada.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e Ministro do Interior, e dos ministros de Facenda e de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de maio de 2002,

DISPONGO:

Artigo 1. *Danos en infraestructuras locais.*

Ós proxectos que executen as entidades locais, con motivo das choivas torrenciais acaecidas o 31 de marzo, nos termos municipais de Santa Cruz de Tenerife e San Cristóbal de la Laguna, relativos ás obras de reparación ou restitución de infraestructuras, equipamentos ou instalacións e servicios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e á rede viaria de titularidade do Cabido Insular de Tenerife, aplicaráselle-lo trámite de urxencia, podendo serlles concedida polo Estado unha subvención de ata o 50 por 100 do seu custo.

Artigo 2. *Cooperación coas administracións locais.*

Facúltase o titular do Ministerio de Administracións Públicas para propoñe-lo pagamento das subvencións a que se refire o artigo anterior, con cargo ó crédito que para estes efectos se habilita, co carácter de incorporable, nos orzamentos do dito departamento.

Do mesmo xeito, facúltase o titular do Ministerio de Administracións Públicas para establece-lo procedemento para a concesión das mencionadas subvencións, o seu seguimento e control, no marco da cooperación do Estado ós investimentos das entidades locais.

Artigo 3. *Crédito extraordinario.*

1. Concédese un crédito extraordinario, dotado con 18.000.000 de euros no vixente orzamento de gastos do Estado, sección 22 «Ministerio de Administracións Públicas», servicio 03 «Secretaría de Estado de Organización Territorial do Estado», Programa 912B «Cooperación Local do Estado», capítulo 7 «Transferencias de Capital», concepto 764 «Para a reparación de danos en infraestructuras de carácter local, segundo o Real decreto lei 4/2002».

2. O crédito extraordinario a que se refire o punto anterior financiarase con Débeda Pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

3. Os remanentes de crédito que presente o indicado crédito ó finaliza-lo exercicio 2002, incorporaranse ó orzamento do exercicio seguinte.

Disposición adicional única. *Competencias.*

Este real decreto lei dítase ó abeiro da competencia atribuída ó Estado polo artigo 149.1.1.^a da Constitución, sen prexuízo das competencias que lle correspondan á Comunidade Autónoma de Canarias ó abeiro do seu Estatuto de autonomía.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Os titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, dictarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de maio de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

9238 *ORDE SCO/1050/2002, do 7 de maio, pola que se modifica o anexo do Real decreto 1917/1997, do 19 de decembro, polo que se establecen as normas de identidade e pureza dos aditivos alimentarios distintos de colorantes e edulcorantes utilizados nos produtos alimenticios. («BOE» 115, do 14-5-2002.)*

A Directiva 89/107/CEE, do Consello, do 21 de decembro de 1988, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros sobre aditivos alimentarios autorizados nos produtos alimenticios destinados ó consumo humano, foi incorporada ó ordenamento xurídico interno polo Real decreto 1111/1991, do 12 de xullo, polo que se modifica a Regulamentación técnico-sanitaria de aditivos alimentarios, aprobada polo Real decreto 3177/1983, do 16 de novembro, e modificada polo Real decreto 1339/1988, do 28 de outubro.

A mencionada Directiva 89/107/CEE incluía as diferentes categorías de aditivos reguladas mediante directivas específicas.

Posteriormente a esta adecuación en canto á utilización dos aditivos, facíase necesario establece-los criterios de identidade e pureza para eles.

En canto ós aditivos distintos de colorantes e edulcorantes, regulados mediante a Directiva 95/2/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de febreiro de 1995, modificada polas Directivas 98/72/CE e 2001/5/CE, foron incorporadas ó noso dereito interno mediante o Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de colorantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.

Establecéronse para algunhas categorías dos ditos aditivos determinados criterios de identidade e pureza. Así se realizou, nunha primeira etapa, mediante a Directiva 96/77/CE, da Comisión, do 2 de decembro, pola que se establecen os criterios específicos de pureza en relación con determinados aditivos alimentarios distintos de colorantes e edulcorantes, utilizados nos produtos alimenticios, incorporada ó noso ordenamento interno mediante o Real decreto 1917/1997, do 19 de decembro.

A publicación da Directiva 98/86/CE, da Comisión, do 11 de novembro, pola que se modifica a Directiva 96/77/CE, que establece os criterios específicos de pureza dos aditivos alimentarios distintos dos colorantes e edulcorantes, constitúe unha segunda etapa no establecemento dos ditos criterios de pureza, dos que a transposición á normativa nacional se realizou mediante a posta en vigor do Real decreto 1802/1999, do 26 de novembro.

Nunha terceira etapa, establécense os criterios de pureza de parte dos aditivos mencionados na Directiva 95/2/CE, mediante a publicación da Directiva 2000/63/CE, da Comisión, do 5 de outubro, pola que se modifica a Directiva 96/77/CE, incorporada ó noso ordenamento xurídico pola Orde do 11 de xuño de 2001.

Na cuarta etapa actual, establécense os criterios de pureza dos restantes aditivos mencionados na Directiva 95/2/CE mediante a publicación da Directiva 2001/30/CE, da Comisión, do 5 de maio, que modifica a Directiva 96/77/CE, que establece os criterios específicos de pureza dos aditivos alimentarios distintos de colorantes e edulcorantes.

Esta orde ten por obxecto a incorporación da mencionada Directiva 2001/30/CE, da Comisión, do 5 de maio, ó noso ordenamento xurídico.

Para a fixación destes criterios específicos tivéronse en conta as especificacións e técnicas analíticas que para estes aditivos preparou o Comité Mixto FAO/OMS de Expertos en Aditivos Alimentarios (JECFA). Así mesmo, consultouse o Comité Científico da Alimentación Humana.

Non obstante, calquera aditivo que fose preparado mediante métodos de produción ou con materias primas, significativamente diferentes dos incluídos na avaliación do Comité Científico da Alimentación Humana, ou distintos dos mencionados nesta orde, deberase someter ó dito comité para a avaliación da súa seguridade, facendo especial fincapé nos criterios de pureza.

As medidas previstas nesta disposición axústanse ó dictame do Comité Permanente de Productos Alimenticios.

Esta orde dítase en uso das facultades atribuídas na disposición derradeira primeira do Real decreto 1917/1997.

Na súa virtude, oídos os sectores afectados e logo de informe preceptivo da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria, dispoño:

Artigo único. *Obxecto.*

O anexo do Real decreto 1917/1997, do 19 de decembro, queda modificado nos seguintes termos:

«Incorpóranse no anexo do Real decreto 1917/1997, aprobándose, as normas de identidade e pureza que contén o anexo desta disposición, para determinados aditivos incluídos no Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de colorantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 7 de maio de 2002.

VILLALOBOS TALERO

9239 *ORDE SCO/1051/2002, do 7 de maio, pola que se modifica o anexo do Real decreto 2106/1996, do 20 de setembro, polo que se establecen as normas de identidade e pureza dos edulcorantes utilizados nos produtos alimenticios.* («BOE» 115, do 14-5-2002.)

O Real decreto 2106/1996, do 20 de setembro, estableceu as normas de identidade e pureza dos edulcorantes utilizados nos produtos alimenticios e foi dictado sobre as bases da normativa da Unión Europea que regula esta materia, constituída pola Directiva 95/31/CE, da Comisión, do 5 de xullo.

O dito real decreto sufriu modificacións no seu anexo, como consecuencia da evolución da normativa comunitaria na materia e da necesidade de incrementar os niveis de protección da saúde dos consumidores.

Así, mediante a Directiva 98/66/CE, da Comisión, do 4 de setembro, modificáronse os criterios de pureza do edulcorante E-953 Isomalt. A incorporación ó noso dereito interno desta directiva, que modificaba o anexo do Real decreto 2106/1996, do 20 de setembro, realizouse mediante o Real decreto 1116/1999, do 25 de xuño.

A Directiva 2000/51/CE, da Comisión, do 26 de xullo, pola que se adapta ó progreso técnico por segunda vez o anexo da Directiva 95/31/CE, en canto á modificación dos criterios de pureza para os edulcorantes Manitol (E-421) e Xarope de Maltitol (E-965 ii), incorporouse ó noso dereito interno, mediante a Orde do Ministerio de Sanidade e Consumo do 5 de abril de 2001.

A publicación da Directiva 2001/52/CE, da Comisión, do 3 de xullo de 2001, constitúe a terceira modificación da Directiva 95/31/CE, e inclúe novas normas de identidade e pureza para os edulcorantes E-950 Acesulfamo K e E-421 Manitol, elaboradas á luz dos avances técnicos.

Para a fixación destes novos criterios específicos tivéronse en conta as especificacións e técnicas analíticas que para estes aditivos preparou o Comité Mixto FAO/OMS de Expertos en Aditivos Alimentarios (JECFA). Así mesmo, consultouse o Comité Científico da Alimentación Humana.

Consecuentemente procede, en virtude das obrigas derivadas da pertenza do Reino de España á Unión Europea, incorporar os preceptos contidos na dita Directiva 2001/52/CE, da Comisión, do 3 de xullo, ó noso ordenamento xurídico interno, o que se leva a cabo mediante esta orde que se dicta en uso das facultades atribuídas na disposición derradeira primeira do Real decreto 2106/1996, do 20 de setembro.

Na súa virtude, oídos os sectores afectados e logo de informe preceptivo da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria, dispoño:

Artigo único. *Obxecto.*

O anexo do Real decreto 2106/1996, do 20 de setembro, queda modificado nos seguintes termos:

«Substitúense no anexo do Real decreto 2106/1996 os criterios de identidade e pureza referentes ós aditivos edulcorantes: Manitol (E-421) e Acesulfamo K (E-950) polos contidos no anexo desta orde.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 7 de maio de 2002.

VILLALOBOS TALERO